

## Manifesto

### **Día Internacional contra o uso indebido e o tráfico ilícito de drogas**

Galicia, 26 de xuño de 2021

Á SOCIEDADE / AOS GOBERNOS / AOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN. FALEMOS DE DROGAS

Nestes tempos de coronavirus onde todo o demais tende a esquecerse hai que alzar a voz para chamar a atención sobre outra pandemia, a que ano tras ano destrúe a vida de miles de persoas e as súas familias. Hoxe, falar de narcotráfico, de drogas e adiccións é máis necesario que nunca.

Porque algo estamos a facer moi mal como sociedade cando moitas persoas cren que para divertirse ou para esquecer as penas hai que consumir drogas. Ou cando vemos na televisión a famosos chanceando sobre iso, incluso presumindo de consumir ou anunciando casas de apostas, a ruína de moitos menores e maiores.

Ou vendo series onde os policíaos son torpes e malos, mentres o narcotraficante é o guapo e o bo da película. É o mundo ao revés e o peor exemplo posible. Que mágoa!

Isto é serio. As drogas traen problemas. Desde a primeira calada, desde o primeiro grolo, desde a primeira raia. A todas as idades e especialmente aos mozos. O uso de drogas está directamente relacionado afectación cerebral, deterioración neurolóxica, fracaso escolar, accidentes de tráfico, violencia de xénero e abuso sexual.

E en moitos casos o consumo ocasional acábese convertendo en adicción. Por iso son drogas, porque anulan a túa vontade e destrúen todo o que tocan. Das drogas, ás veces e con moito esforzo podese sair. E outras veces Non.

A vida está chea de cousas boas, de momentos maravillosos. Se queres diversión da boa engancharse ao deporte, ás artes, á cultura, á música, aos bos amigos e amigas. Temos moito por vivir e mil oportunidades para disfrutar.

E a vós, traficantes. Parar un momento e pensar: o diñeiro que gañades é un diñeiro miserable, manchado de dor, de bágoas e de sangue. Sabedes que non sodes os mozos da película, nin os máis listos. Non deixades de ser infames vendedores de veneno. E sabedes que o voso sucio negocio sempre acaba mal.

No Día Internacional dediquemos, cada persoa un minuto, un só minuto para pensar que podemos facer, que está nas nosas mans, para reducir o consumo de drogas. Un minuto para reflexionar e todo o ano para poñelo en práctica. O mundo con menos drogas é un lugar mellor.

26 de Junio. Día Internacional contra el uso indebido y el tráfico ilícito de drogas